

## 2º Premio IV edición de “Matmonólogos” do I.E.S. Monelos (Coruña)

### Categoría 1º Ciclo Secundaria.

#### A REGLA DE TRES

por Alexandre Blanco

Moi bos días a todos. Chámome Alexandre Blanco e neste matmonólogo voullas falar da archifamosa regra de tres. É que esta preciosa fórmula serve para todo: calcular porcentaxes, equivalencias e eses problemas adorados por algúns e odiados por outros con ese enunciado que ten tanto retintín de: Se nun día Xan coloca 20 ladrillos, cantos ladrillos colocará en 4 días ?? Entoces chega esa fórmula á nosa cabeza, que aínda que



nos saia de memoria a temos que escribir no papel, aínda que só sexa para vela e contemplar a súa magnificencia... un momento, estoume pasando. Pero bueno, quen non fixo unha cousa así algunha vez ? Pero, ollo!, que esta amiga poden facerte quedar como un pailaroco en menos tempo do que Arquímedes dixo Eureka! Pensen neste: se un litro de auga ferve aos 100º, a cantos graos ferverán dous litros?... Que, como se quedan? Xa coñezo a máis dun que comezara a facer a operación e que á metade do camiño se decatou do seu enorme erro. Nas matemáticas hai que estar sempre atento, ou erros básicos farán que poñas o 9 nos primos ou que a raíz cadrada de dous che dea exacta. Pero volvamos á regra de 3, que é o que nos interesa. Esta maravillosa fórmula cédenos unha forma nova de ver o mundo. Eu ando pola rúa e vou pensando nesta ecuación. Adóroa. Un exemplo: Vou camiñando e vexo un escaparate. 30 por cento de desconto. Inmediatamente sinto unha atracción por facer eso. Bueno, quizáis esaxere. De todas formas pónome a facelo e... saben que? Non podo facelo. Por que? Porque non teño o papel. Ese papel medio máxico que se necesita para facer a regra, aínda que só sexa por vicio. Continúo o meu camiño, eso si, sen esquecer ningún dato do desconto. Chego á miña casa. Inmediatamente, collo lápiz e papel e pónome a facer a conta. Resolvo a regra de tres. Victoria. Marcho ao salón. Un momento... Para aplicar os descontos hai que restar!!! Corro hacia o meu cuarto. O papel, onde está o

papel? Aquí está. Resto e... SI!!! Consequino!! Desconto realizado. Vou coma un triunfador ao sofá. Séntome. Penso. Logo existo. A que ven tanta euforia?? Doume conta da tontería que acabo de facer. Ou non é unha tontería? Nunca o sabremos...

En fin, eu tomo así a regra de tres. Ten tantas aplicacións que parece o predecesor do iPhone só que a regra de tres é gratis.



Bueno, casi, hai xente a que a consume por dentro esta regra. Eu por sorte non son un deles. Quizais un pouco, pero non pasa nada. Sen nada mais despídome cun cordial saúdo. Un momento, se en dous segundos me despido unha vez, en un minuto despedireime X veces. Así que.....